



TEMARIO, LECTURAS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E DATAS DOS EXAMES

Nº	Título	Descrición	Av.
1	Técnicas de busca, selección e presentación da información. Técnicas de expresión oral e escrita.	Idea principais e secundarias. Esquemas, resumos, mapas conceptuais. Comentarios. Aprendizaxe de busca de información en bibliotecas, dicionarios, enciclopedias. Planificación. Fontes de información diversas. Selección da información. Borrador. Normas de presentación (marxes, estilos, fontes, negriñas, cursivas, índices, epígrafes, citas, notas a pé...). Bibliografía. Coherencia, cohesión e adecuación. Pronuncia. Prosodia. Dicción, fluidez, volume, ritmo, claridade, coherencia, emotividade, movementos corporais, xesticulación, miradas... Presentación visual.	1º
2	Lingüística	A comunicación. Elementos da comunicación. O signo. Signo lingüístico. Funcións da linguaxe. Denotación e connotación.	1º
3	Sociolingüística I	Funcións sociais da lingua. Diversidade lingüística. Lusofonía. Lingua minoritaria e minorizada. Conflito lingüístico e diglosia. Ecolingüismo. Variedades lingüísticas.	1º
4	Sociolingüística II	Orixe e formación da lingua galega Linguas románicas. Cultismos, semicultismos e voces patrimoniais. Historia da lingua.	1º
5	Literatura	Definición. Xéneros. Etapas.	1º
6	Literatura na Idade Media I	Cantigas profanas (amigo, amor, escarnio).	1º
7	Literatura na Idade Media II	Cantigas relixiosas e prosa.	2º
8	Tipoloxía textual	Clasificación e características. Texto narrativo, descritivo, argumentativo, dialogado, expositivo e instrutivo. Clasificación segundo a intención comunicativa e o ámbito. Conectores e marcadores discursivos ou textuais	2º
9	Morfoloxía I	Tipoloxía e caracterización dos substantivos, adxectivos, determinantes e pronomes	2º
10	Literatura nos séculos XVI, XVII e XVIII	Séculos Escuros e Ilustración.	2º
11	A literatura popular ou de tradición oral	Xéneros e características.	2º
12	Morfoloxía II	Tipoloxía e caracterización do verbo, as perfrases, o adverbio, as preposicións e as conxuncións.	3º
13	Literatura s. XIX	Inicio e precursores.	3º
14	Literatura s. XIX	Rexurdimento pleno Rosalía de Castro Curros Enríquez Eduardo Pondal.	3º
15	Literatura fins do XIX e comezos do XX	Poesía, narrativa e teatro.	3º

LECTURAS

1º trimestre: SENDE, Sechu, *Made in Galiza*, Editorial Galaxia;
http://www.editorialgalaxia.es/catalogo/libro.php?id_libro=0010080244

2º trimestre: CASARES, Carlos, *O sol do verán*, Ed. Galaxia;
http://www.editorialgalaxia.es/catalogo/libro.php?id_libro=0011060003;

ou CASARES, Carlos, *Vento Ferido*, Ed. Galaxia; http://www.editorialgalaxia.es/catalogo/libro.php?id_libro=0011060005

3º trimestre: Lectura voluntaria. Listaxe orientativa. Consulta previa coa profesora.

LORENZO, Fran, *Cabalos e lobos*, Xerais; <http://www.xerais.gal/libro.php?id=671171>.

REIMÓNDEZ, María, *A dúbida*, Xerais; <http://www.xerais.gal/libro.php?id=4271181>

REIMÓNDEZ, María, *O club da calceta*, Xerais; <http://www.xerais.gal/libro.php?id=3716426>

QUIROGA, Xabier, *Izan o da saca*, Xerais; <http://www.xerais.gal/libro.php?id=4236182>

REDONDO, Dolores, *O gardián invisible*, Xerais; <http://www.xerais.gal/libro.php?id=3413640>

QUEIZÁN, M.^a Xosé, *Amor de tango*, Xerais; <http://www.xerais.gal/libro.php?id=1557990>

REIGOSA, CARLOS, *Pepa a Loba*, Xerais; <http://www.xerais.gal/libro.php?id=1162165>

RIVEIRO COELLO: *Homónima*, ed. Galaxia; http://www.editorialgalaxia.es/catalogo/libro.php?id_libro=0010080174

ou *Animalia*, Galaxia; http://www.editorialgalaxia.es/catalogo/libro.php?id_libro=0010080168

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas (escritas e orais). PROXECTO (Elaboración e presentación)	80%
Lectura	10%
Producións clase-casa: escritas, orais, esquemas, resumos, textos argumentativos, narrativos, descritivos..	10%
Total	100%

DATAS EXAMES	
1ª AV.	24/10
	12/12
2ª AV	13/2
	27/3
3ª AV	

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma dos tres apartados. Non se realizará a media se nalgunha das probas, do proxecto ou da lectura se obtén menos dun 4. Nas producións de clase-casa non se aplica esta condición. A partir do cinco a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,6 décimas. Por ex. 5,6= 6.

A nota final do curso obtense facendo a media das tres avaliacións, coa nota real, non co redondeo. Quen non obteña un cinco como media das tres avaliacións terá dereito a unha proba final de recuperación, onde tamén se recuperarán as lecturas obrigatorias suspensas, se non se fixo antes. Nas avaliacións extraordinarias de setembro ou maio é obrigatorio examinarse de todos os contidos, incluídas as lecturas.

Nas probas escritas os erros ortográficos ou de lingua descontarán ata un máximo de 2 ptos., segundo estes criterios:

- **Moi graves:** solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono, etc. Descontarase 0,2 puntos por cada un.
- **Graves:** solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*, etc.) e acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 punto por cada un.
- **Leves:** solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Descontarase 0,05 puntos por cada un.

Pódese ver e ampliar esta información en: <http://ciug.cesga.es/grupos/lgalegacircular.php>

Os exames ou recuperacións, así como os traballos, deben realizarse e presentarse nas datas previstas. Quen non se presente á proba sen entregar xustificante médico, certificado acreditativo de deber inescusable ou xustificante de morte dun familiar de primeiro ou segundo grao, segundo o establecido no *Protocolo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia* (Anexo 4 do NOF do Centro) terá un cero na dita proba.

No caso de detectar que se copia nalgunha proba, os profesores deste departamento asumen o acordo de claustro de proceder a retirar dita proba dándolle ao alumno a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

Se un traballo persoal denota signos evidentes de ter sido copiado será avaliado cun cero. No caso de ser idéntico ao doutro compañeiro, tanto o que copiou como o que permitiu a copia será avaliado negativamente.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Asistencia ó filme *Sicixia*, de Ignacio Vilar. Estrea en novembro.

Asistencia a unha representación teatral, roteiro literario, casa-museo...

SABER FACER:

1º TRIMESTRE: Elaboración e presentación en grupo dun tema do currículo relacionado coa diversidade lingüística.
Voluntario: Recensión da película *Sicixia*, de Ignacio Vilar.

2º TRIMESTRE: Elaboración dun traballo relacionado coa Igualdade de Xénero.

Voluntario: Realizar un vídeo a partir dun texto da obra *Made in Galiza*, de Sechu Sende.

3º TRIMESTRE: Sen determinar.